Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de escola de música.

Artigo 1.- Fundamento Legal.

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 ao 47 e 127 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de escola de música.

O servizo de escola de música vense prestando por este concello dende fai anos ante a grande demanda deste servizo por parte da poboación, servindo de base para a integración de persoas de distintas idades e parroquias, fomentando a participación cidadá e incrementando a oferta cultural desde Concello.

Artigo 2.- Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos ou a realización das actividades da escola de música.

1. Se con posterioridade ao establecemento do presente prezo público, cesasen na prestación do servizo as entidades culturais privadas que actualmente concorren na realización de actividades similares ás que se desenvolven nas instalacións municipais ou se prestan polos servizos municipais, o prezo público transformarase en taxa.

2. En caso de resultar preceptiva a transformación anterior, o Concello aprobará a Ordenanza fiscal correspondente reguladora da taxa pola prestación de servizos ou a realización de actividades culturais musicais.

3. Cando os prezos públicos por servizos de escola de música, de carácter periódico teñan que transformarse en taxa pola causa prevista no apartado 2º, non será preciso realizar a notificación individual á que se refire o art. 102.3 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sempre que o suxeito pasivo e a cota da taxa coincidan co obrigado ó pago e o importe do prezo público ó que substitúe.

Artigo 3.- Nacemento da obriga.

1.- A obrigación de pagar o prezo público nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, aínda que a Corporación poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ao artigo 46 do TRLRFL.

2.- Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, o servizo público ou actividade administrativa non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 4.- Obrigados o pago.

Estarán obrigados ao pago do prezo público os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou actividades musicais prestadas polo Concello.

Artigo 5.- Tarifas/prezos.

1.- O importe dos recibos deberá cubrir como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2.- Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos, deberán consignarse nos presupostos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3.- A contía dos dereitos a percibir polo prezo público para as actividades musicais será a seguinte:

A.- Polas ensinanzas de instrumento.(Por alumno).....35'00 €/MES

B.- Polas ensinanzas de música e movemento. (Por alumno).....20'00 €/MES

C.- Polas ensinanzas de linguaxe musical. (Por alumno).....20'00 €/MES

D.- Polas ensinanzas de linguaxe musical, instrumento e conxunto musical. (Por alumno).....40'00 €/MES

Artigo 6.- Normas de xestión e pagamento.

1.- O pago do prezo público efectuarase con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade, mediante autoliquidación.

2.- As persoas ou entidades interesadas na prestación do servizo ou actividade presentarán a oportuna solicitude de matriculación no departamento municipal correspondente. Unha vez comprobada a existencia de praza, entregarase ao interesado o impreso de autiliquidación para que proceda ao pagamento da actividade na que desexe matricularse.

3.- Os prezos públicos que teñan dereito a percibirse esixiranse mediante o sistema de autoliquidación. Efectuado o ingreso nas arcas municipais, formalizarase a matrícula para o período elixido (curso completo ou cuadrimestre). Sen a acreditación do pagamento da actividade elixida, polo sistema de autoliquidación, non poderá asistirse á citada actividade.

4.- As débedas por prezo público poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constrinximento cando se produza o seu vencemento sen que se teña conseguido o cobro a pesar de terse realizado as xestións oportunas.

Ó remate de dito período o departamento xestor do prezo público elevará o expediente á intervención ou tesourería municipal para a súa inclusión na vía de constrinximento.

5.- Unha vez que exista un número mínimo de persoas preinscritas, que faga posible e viable a realización de calquera actividade obxecto da presente ordenanza, os interesados en participar deberán aportar para a súa inscrición definitiva o documento acreditativo do pago do prezo público correspondente.

6.- No caso de existir varias solicitudes coincidentes e estas superen o número de prazas existentes para cada actividade darase preferencia aos particulares empadroados no Concello de Lousame.

7.- Os prazos específicos de pagamento para as actividades musicais serán:

A) No caso de optar polo pago completo do curso- Pago polo curso completo que efectuarase mediante autoliquidación do matriculado antes do comezo do curso. (Outubro)

B) No caso de optar polo pago por cuadrimestres do curso- Pago cuadrimestral que efectuarase mediante autoliquidación do matriculado antes do inicio do curso (Outubro -xaneiro) e antes do inicio do segundo cuadrimestre. (Febreiro a xuño)

8.- A baixa da actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal.

9.- No caso de que por causas non imputables ao interesado, este non poida asistir á actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público previa solicitude e documentación acreditativa que xustifique a imposibilidade de asistir (motivos laborais, de saúde...), non será suficiente unha declaración sen aportar xustificación.

Serán causas de baixa:

- Renuncia da persoa usuaria, con indicación de data de baixa prevista.
- Perda das capacidades necesarias para a participación na actividade, ou manifestación reiterada de comportamentos antisociais ou incompatibles coa boa marcha desta, valorado polo monitor responsable do desenvolvemento e co visto bo do técnico municipal.
- Impago das cotas correspondentes no prazo estipulado, salvo xustificación técnica da situación que provoca o impago.
- Ausencia non xustificada ou non comunicada, superior ó 20% das horas totais da duración prevista da actividade. A estes efectos establécese a obrigatoriedade de control de asistencia nas actividades.
- Ceses na prestación do servizo ou actividade por parte do Concello.

As baixas causarán efecto na data indicada na correspondente solicitude, podendo disporse da súa cobertura a través da lista de espera de forma inmediata.

Artigo 7.- Exencións e bonificacións.

Ao abeiro do artigo 9 do TRLRFL, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os previstos expresamente en normas con rango de Lei, así como os establecidos nesta ordenanza.

Exencións

Non se concederán outras exencións que as previstas legalmente.

Bonificacións

Ao abeiro do artigo 44.2 do referido texto refundido, tendo en conta a existencia de razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que así o aconsellan, establécense as seguintes bonificacións:

a) Bonificación do 25% da tarifa para segundos e sucesivos irmáns matriculados en cada unha das escolas municipais.

b) Bonificación do 25% da tarifa para os usuarios que, dentro da escola na que estean matriculados, teñan a cualificación de profesional ou sexan membros da banda de música. Isto supón que deberán participar nas actuacións que organice o Concello. Só poderán beneficiarse desta bonificación na escola na que teñan a dita categoría. A estes efectos, os profesores das escolas deberán emitir un informe motivado no que

establezan que alumnos poden distinguirse con esa cualificación. A listaxe, que será aprobada pola Alcaldía, será remitida ao Concello, que aplicará de oficio a bonificación.

c) Bonificación do 50% da tarifa para os usuarios empadroados en Lousame que acrediten unha renda "per capita" da unidade familiar igual ou inferior ao IPREM mensual. A bonificación deberá solicitarse coa seguinte documentación:

– Fotocopia cotexada do DNI/NIE do solicitante.

– Fotocopia cotexada do libro de familia na que consten todos os seus membros.

– Fotocopia cotexada da última declaración da renda ou certificado de imputación de rendas de Facenda integrantes da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase por unidade familiar o núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 21 anos que convivan con eles no mesmo domicilio. Esta idade ampliarase ata os 25 anos mentres que se realicen estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.

Incluiranse os estudos realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico.

– Fotocopia cotexada doutros xustificantes de ingresos económicos, no seu caso.

– O empadroamento do alumno en Lousame comprobarase de oficio.

O importe da renda "per capita" mensual da unidade familiar será o cociente resultante de dividir a renda mensual da unidade familiar polo número de membros desta.

A renda mensual resultará de dividir entre 12 a renda anual da unidade familiar, que á súa vez será o resultado da suma dos rendementos percibidos por cada membro da unidade familiar menos os gastos deducibles.

A solicitude poderá presentarse coa inscrición e, neste caso, só se esixirá o depósito previo do 50% da tarifa.

d) Bonificación do 25 % da tarifa para os alumnos que sexan membros das redes de voluntariado do Concello de Lousame. Dita condición acreditarase mediante informe motivado do xestor da rede de voluntariado do concello da que sexan membros, que haberá de presentarse xunto coa solicitude de bonificación.

- Aos efectos de aplicar as bonificacións previstas partirase sempre da tarifa de importe máis elevado.

- O Concello de Lousame reservarase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter gratuíto.

En casos excepcionais a Alcaldía, previo informe dos servizos sociais, poderá acordar a bonificación total ou parcial da contía do prezo público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no TRLRFL, a Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de escola de música, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derrogación ou modificación expresa.